



Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social

Presentación da Facultade

A Facultade de Educación é a escola de escolas: unha institución pública ao servizo de todas as persoas interesadas na mellora continua da educación e dos servizos sociais. Trátase dun centro universitario que se asenta sobre a historia dos centros de formación de mestres/as, educadores/as sociais e traballadores/as sociais, pero tamén sobre a historia do ensino e dos servizos sociais.

É unha facultade, polo tanto, que tenta incorporar todos os medios técnicos posibles, pero sen renunciar a un pasado que se constrúe sobre o esforzo colectivo dos profesionais e da cidadanía.

Os cambios respecto ao presente son considerables. Pero hai algo que unha facultade de educación debe contribuír a que se mantéña: o espírito solidario dos veciños/as e a percepción da escola como propia, como asunto da comunidade.

Agardo que as persoas que elixen esta facultade para realizar os seus estudos teñan esa mentalidade de pertenza a un grupo que constrúe o futuro colectivo da educación e dos servizos sociais.

A oferta educativa para o próximo curso no Centro é:

Catro títulos de Grao:

- GRADO EN EDUCACIÓN INFANTIL
- GRADO EN EDUCACIÓN PRIMARIA
- GRADO EN EDUCACIÓN SOCIAL
- GRAO EN TRABALLO SOCIAL

Catro títulos de Máster:

- Master en Dificultades de Aprendizaxe e procesos cognitivos
- Master en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos
- Master en Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares
- Master en Profesorado de Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino dos Idiomas (especialidades de Orientación, Xeografía, Historia, Humanidades, Matemáticas e Tecnoloxía) Por outra banda, durante os últimos anos, a Facultade de Empresariais e Turismo, potenciou, de forma considerable a participación dos estudantes en programas de mobilidade.

Para obter máis información visita a nosa páxina web

<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php>

Equipo Decanal

O Equipo Decanal está composta polos seguintes membros:

Decana:

D^a María del Mar García Señorán

Vicedecanos/as:

D. Ramón Ángel Fernández Sobrino

D^a María del Carmen Ricoy

D. Xosé Manuel Cid Fernández

D.^a María del Pino Díaz Pereira

Secretario:

D. Antonio González Fernández

Localización



LOCALIZACIÓN DA FACULDADE.

Dirección postal:

Facultade de Ciencias da Educación

R/. Doctor Temes, s/n 32004 Ourense

A Facultade de Ciencias da Educación atópase no denominado Edificio Facultades ou Edificio de Ferro, contando ademais con outros espazos docentes situados nos pavillóns 1 e 2.

Directorio telefónico:

Conserxería: 988 387 101

Secretaría alumnado Graos : 988-387-168, 98- 387-194, 988-36-890

Secretaría alumnado Mestrados: 988 368 893

Decanato: 988-387-159

Correo electrónico:

Secretaría alumnado: secexbo@uvigo.es

Secretaría Decanato: sdexbo@uvigo.es

Grao en Educación Infantil

Materias

Curso 4

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
O05G110V01981	Prácticas externas: Practicum	An	48
O05G110V01991	Traballo de Fin de Grao	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS**Prácticas externas: Practicum**

Materia	Prácticas externas: Practicum			
Código	O05G110V01981			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	48	OB	4	An
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Matemáticas			
Coordinador/a	Fernández Méndez, José Luis			
Profesorado	Casado Neira, David Díaz Pereira, María del Pino Doval Ruiz, María Isabel Fernández Méndez, José Luis García Núñez, Francisco Javier González Fontão, María del Pilar Iglesias Álvarez, Ana María Iglesias Sarmiento, Valentín Mociño González, María Isabel Zabalza Cerdeiriña, María Ainoa			
Correo-e	joslufem@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	As competencias específicas do grao en Educación Infantil son definidas na ORDE ECI/3854/2007, de 27 de decembro, na cal se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre en Educación Infantil. Entre estes requisitos faise referencia, no ANEXO (apartado 5), á planificación do ensino, sinalando que o plan de estudos deberá incluír, entre outros, un módulo formativo denominado Practicum. Na mesma Orde Ministerial indícase que: <input type="checkbox"/> O Practicum desenvolverase en centros de educación infantil recoñecidos como centros de formación en prácticas mediante convenios entre as Administracións Educativas e as Universidades. Terá carácter presencial e estará tutelado por profesores universitarios e mestres de educación infantil acreditados como titores de prácticas. O Practicum realizarase nos dous ciclos do ensino de educación infantil. Para poder matricularse no Practicum será requisito imprescindible ter superado o 70% dos créditos de formación básica e obrigatoria correspondente aos tres primeiros cursos.			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
B8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia

B9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C59	Adquirir un coñecemento práctico do aula e da xestión da mesma.
C60	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
C61	Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e, en particular, de ensino e aprendizaxe mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias.
C62	Relacionar teoría e práctica coa realidade do aula e do centro.
C63	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
C64	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro
C65	Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes de 0-3 anos e de 3-6 anos.
C66	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e da contorna social.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D5	Coñecemento de informática
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun contexto internacional
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D18	Lideranza
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade
D22	Sensibilidade por temas ambientais

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión da mesma.	A2	B1	C59	D1
	A4	B2		D2
	A5	B3		D3
		B4		D5
		B5		D6
		B6		D7
		B7		D9
		B8		D10
		B9		D11
		B10		D12
		B11		D13
		B12		D14
				D15
				D16
				D17
				D20
				D21

2. Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula e dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima de aula que facilite a aprendizaxe e a convivencia.	A2	B1	C60	D1
	A4	B2		D2
	A5	B3		D3
		B4		D4
		B5		D5
		B6		D6
		B7		D7
		B8		D9
		B9		D10
		B10		D11
		B11		D12
		B12		D13
				D15
		D17		
		D19		
		D21		
3. Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e en particular o de ensino-aprendizaxe mediante o dominio das técnicas e estratexias necesarias.	A2	B1	C61	D1
	A4	B2		D2
	A5	B3		D3
		B4		D6
		B5		D7
		B6		D9
		B7		D11
		B8		D12
		B9		D13
		B11		D15
				D16
				D17
				D20
		D21		
4. Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.	A2	B1	C62	D1
	A4	B2		D2
	A5	B3		D3
		B4		D5
		B5		D6
		B6		D7
		B7		D9
		B8		D10
		B9		D11
		B10		D12
		B11		D13
		B12		D14
				D15
		D16		
		D17		
		D19		
		D21		
5. Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.	A2	B1	C63	D1
	A4	B2		D2
	A5	B3		D3
		B4		D5
		B5		D6
		B6		D7
		B7		D9
		B8		D10
		B9		D11
		B10		D12
		B11		D13
		B12		D14
				D15
		D16		
		D17		
		D18		
		D19		
		D20		
		D21		

6. Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro.	A2	B1	C64	D1
	A4	B2		D2
	A5	B3		D3
		B4		D5
		B5		D6
		B6		D7
		B7		D8
		B8		D9
		B9		D10
		B10		D11
		B11		D12
		B12		D13
				D14
		D15		
		D16		
		D17		
		D18		
		D19		
		D20		
		D21		
7. Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes de 0-3 e de 3-6 anos.	A2	B1	C65	D1
	A4	B2		D2
	A5	B3		D3
		B4		D5
		B5		D6
		B6		D7
		B7		D9
		B8		D10
		B9		D11
		B10		D12
		B11		D13
		B12		D14
				D15
		D16		
		D17		
		D18		
		D19		
		D20		
		D21		
8. Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.	A2	B1	C66	D1
	A4	B2		D2
	A5	B3		D3
		B4		D5
		B5		D6
		B6		D7
		B7		D9
		B8		D10
		B9		D11
		B10		D12
		B11		D13
		B12		D14
				D15
		D16		
		D17		
		D18		
		D19		
		D20		
		D21		
		D22		

Contidos

Tema

- | | |
|--|--|
| <ol style="list-style-type: none"> 1. Observación e análise: o contexto, o centro, o aula. 2. A lexislación educativa. 3. Identificación de retos e deseño de respostas educativas. 4. Coñecemento do alumno. 5. Análise da acción docente: estratexias docentes, motivación 6. A redacción e avaliación dos documentos obrigatorios de centro. 7. Deseño e desenvolvemento de unidades didácticas e adaptacións curriculares. 8. As didácticas específicas. 9. Os recursos didácticos e a innovación da práctica docente. 10. O perfil docente. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Observación e análise: o contexto, o centro, o aula. 2. A lexislación educativa. 3. Identificación de retos e deseño de respostas educativas. 4. Coñecemento do alumno. 5. Análise da acción docente: estratexias docentes, motivación 6. A redacción e avaliación dos documentos obrigatorios de centro. 7. Deseño e desenvolvemento de unidades didácticas e adaptacións curriculares. 8. As didácticas específicas. 9. Os recursos didácticos e a innovación da práctica docente. 10. O perfil docente. |
|--|--|

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	6	10
Prácticum, Practicas externas e clínicas	500	600	1100
Seminario	10	20	30
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	0	60	60

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Prácticum, Practicas externas e clínicas	O estudante desenvolve as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión
Seminario	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Supervisión das actividades, orientación, reflexión e análise do desenvolvemento das prácticas
Prácticum, Practicas externas e clínicas	Supervisión de todo o proceso

Probas	Descrición
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	Orientación personalizada na descrición concreta e detallada das tarefas, traballos desenvolvidos durante o prácticum; identificación das achegas e reflexión sobre o período formativo

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticum, Practicas externas e clínicas	O estudante desenvolve as actividades nun contexto relacionado co exercicio dunha profesión. Dita activdad será avaliada polo tutor/a da aula dacordo o protocolo correspondente. Para facilitar o proceso de avaliación, antes do inicio das prácticas, o coordinador/a do Prácticum remitiralle ao centro escolar a folla de avaliación na que se reflectan as diferentes competencias obxecto de mesma.	50	
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	1. A Memoria das prácticas desenvolverase consonte o establecido no art. 14 do Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo. 2. A través da guía docente, así como por outro tipo de orientacións, a Comisión de Prácticas establecerá anualmente as recomendacións precisas para unha correcta elaboración da Memoria.	50	

Outros comentarios sobre a Avaliación

A titora ou titor académico da universidade avaliará as prácticas desenvolvidas polos estudantes de conformidade cos

seguintes criterios e fontes de información:

Informe da titora ou titor do centro escolar	Datos achegados pola titora ou titor académico	
50%	50%	
Informe da titora ou titor do centro, segundo o protocolo correspondente	Asistencia e avaliación das reunións e outras actividades programadas	Memoria de Prácticas

2. Para superar a materia do Prácticum o estudante deberá acadar o aprobado en cada un dos criterios de avaliación establecidos nos informes, tanto do titor/a do centro escolar como do titor/a académico.

3. A titora ou titor do centro escolar, como indica o art. 13 do Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, realizará e remitirá ao titor/a académico da Universidade a avaliación final.

4. Para facilitar o proceso de avaliación, antes do inicio das prácticas, o coordinador/a do Prácticum remitiralle ao centro escolar a folha de avaliación na que se reflectan as diferentes competencias obxecto de mesma.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

BEJARANO, J, **Las prácticas escolares en la formación inicial del maestro: pautas orientativas para su ejecución y evaluación.**, 1, Nau Llibres., 1987

CID SABUCEDO, A., **Propuesta de un plan general de practicum para el título de maestro de la Universidad de Vigo.**, 1, Copytema, 1995

DEAÑO, M., GARCIA-SEÑORAN, M., RODRIGUEZ MOSCOSOS, M.Y., RODRIGUEZ RODRIGUEZ, J.L., **Manual de practicas. Practicum de Educación Primaria, Educación Infantil y Lenguas extranjeras.**, 1, Gersam, 2002

ESTEVE, J. M., **La formación inicial de los profesores de secundaria.**, 1, Ariel, 1997

HERNANDEZ, F. y SANCHO, J., **ara enseñar no basta con saber la asignatura**, 1, Laia, 1989

MARCELO, C., **prender a enseñar. Un estudio sobre el proceso de socialización de los profesores principiantes.**, 1, CIDE, 1991

MONTERO; L. e outros, **La realidad del aula vista por los futuros profesores**, 1, Servicio de Publicacións., 1985

SANTIBÁÑEZ, R. e MONTERO, D. (coords), **Practicum de educación**, 1, Universidad de Deusto., 1998

VERA, J., **El profesor principiante**, 1, Promolibro, 1988

VILLAR, L. M., **El profesor como práctico reflexivo en una cultura de colaboración.**, 1, FORCE, 1993

ZABALZA, M. (coord.), **Actas III Symposium Internacional sobre el Practicum**, 1, Tòrculo-ICE, 1998

ZABALZA, M. e outros (coords), **Desarrollo de competencias personales y profesionales en el practicum**, 1, 1993

ZABALZA, M. e CID, A., **Integración escolar en Galicia: aspectos curriculares de la respuesta a la diversidad, vistos por los directores de centros escolares**, Ciencias de la Educavicon,

Recomendacións

Plan de Continxencias

Descrición

== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a Universidade establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Para o curso 2020-2021 prevense tres posibles escenarios:

- docencia 100% presencial
- docencia mixta, con parte presencial e parte virtual
- docencia 100% virtual

Na medida en que as circunstancias o requiran poderíase pasar de forma dinámica dun escenario a outro ao longo do curso, buscando o menor impacto posible no seu desenvolvemento. Tendo en conta que o Prácticum é un compoñente profesionalizador clave nos títulos de formación do profesorado tentárase, na medida do posible, axustar as prácticas esenciais máis dificilmente substituíbles aos períodos nos que estean en activo as modalidades presencial e mixta. Ante unha situación excepcional, e sendo conscientes de que non serán equivalentes á realización presencial, desenvolveranse as adaptacións necesarias, no grao de realización das mesmas e nos plans que o alumnado debe realizar neste período formativo. En función das circunstancias poderase fixar un mínimo na porcentaxe de realización das horas presenciais de práctica e suplirse o resto pola realización non presencial doutras actividades académicas relacionadas avaliábeles.

===== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS =====

***Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario a outro. En calquera caso, a única diferenza refírese ao espazo (presencial ou virtual) no que se desenvolverá a actividade. De ser necesario recorrer ao ensino virtual, total ou parcialmente, as metodoloxías previstas adaptaranse á modalidade de execución a distancia.

***Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

***Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual dos docentes, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

***Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

***Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.

***Outras modificacións

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Fatic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar, para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ====

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

***Probas pendentes que se manteñen

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, mantéñense. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación tampouco se modifican no seu contido nin no seu modo de execución no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos.

***Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021 non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

***Novas probas

Non se prevén novas probas de avaliación.

***Información adicional

Non hai.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Traballo de Fin de Grao**

Materia	Traballo de Fin de Grao			
Código	005G110V01991			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Díaz Pereira, María del Pino			
Profesorado	García Señorán, María del Mar			
Correo-e	pinod@uvigo.es			
Web	http://http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/traballo-fin-de-grao			
Descrición xeral	O Traballo fin de Grao (TFG) é unha materia de carácter obrigatorio que poderá derivar das actividades desenvolvidas no Prácticum. Está orientado a que o alumnado demostre a capacidade de integración dos diversos contidos formativos e competencias asociadas ao título do Grao en Educación Infantil. Para poder cursar esta materia será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
B5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
B7	Coñecer as implicacións educativas das tecnoloxías da información e a comunicación e, en particular, da televisión na primeira infancia.
B8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia
B9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
B10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C59	Adquirir un coñecemento práctico do aula e da xestión da mesma.

C60	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación no aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
C61	Controlar e facer o seguimento do proceso educativo e, en particular, de ensino e aprendizaxe mediante o dominio de técnicas e estratexias necesarias.
C62	Relacionar teoría e práctica coa realidade do aula e do centro.
C63	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
C64	Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación que se poidan establecer nun centro
C65	Regular os procesos de interacción e comunicación en grupos de estudantes de 0-3 anos e de 3-6 anos.
C66	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e da contorna social.
C67	Estas competencias, xunto coas propias do resto de materias, quedarán reflectidas no Traballo fin de Grado que compendia a formación adquirida ao longo de todos os ensinos descritos.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D4	Coñecemento de lingua estranxeira
D5	Coñecemento de informática
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D10	Traballo nun contexto internacional
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D18	Lideranza
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade
D22	Sensibilidade por temas ambientais

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
É capaz de interrelacionar as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente.	A1 A2	B10	C59 C60 C61 C65 C66	D2 D7 D8 D17 D18 D21 D22
É capaz de estudar ou avaliar situacións educativas e recoller, ordenar, tratar e analizar a información, tendo en conta os puntos de vista dos participantes, os conceptos teóricos, os datos da investigación, as normas legais e os procedementos institucionais.	A2 A3 A4	B1 B2 B4 B5 B8	C63 C64 C66	D6 D11 D13 D14 D15 D16
É capaz de deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención educativa o ciclo de primaria e planear de forma negociada unha secuencia de accións e seguir e avaliar o seu desenvolvemento.	A2 A3	B2 B4 B6 B7	C63 C64 C67	D1 D2 D9 D10 D13
É capaz de programar o propio traballo asignando prioridades, cumprindo coas obrigacións profesionais e avaliando a eficacia do propio programa de traballo.	A5	B10 B12	C62 C63	D2 D8 D21
É capaz de contribuír á promoción de boas prácticas do mestre participando no desenvolvemento e análise das propostas educativas que se implementan.	A4	B7 B9 B12	C66	D5 D12 D19 D20
É capaz de sintetizar información e liñas de razonamento, e sostener un argumento detallado ao longo do tempo.	A4	B2 B3 B11		D3 D4

É capaz de presentar conclusións verbalmente e por escrito, de forma estruturada e adecuada á audiencia para a que sexan preparadas.	A4	B8		D3 D5 D6
É capaz de elaborar e redactar informes de investigación aplicada á intervención educativa e traballos académicos e profesionais utilizando distintas técnicas, incluídas as derivadas das tecnoloxías da información e a comunicación.	A2	B11	C65	D16 D17 D18

Contidos

Tema	
Contidos relacionados con materias do Grao aplicados á Educación Infantil.	(*)*
Planificación, deseño e desenvolvemento de investigacións e/ou proxectos de intervención educativa.	(*)*
Elaboración, presentación e defensa do informe/memoria do traballo desenvolvido.	(*)*

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	21.5	103.5	125
Actividades introdutorias	2.5	1.5	4
Presentación	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, planifica e desenvolve un traballo sobre algunha das liñas temáticas ofertadas baixo a tutorización dun docente.
Actividades introdutorias	Actividades dirixidas á presentación do TFG, proporcionando orientacións sobre a planificación, deseño e realización do traballo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	Proporcionaranse orientacións sobre a planificación, deseño e realización do traballo. Os estudantes deben asistir a unha sesión de 2.5 horas. O horario pode consultarse na web da facultade no espazo 'horarios'
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, planifica e desenvolve un traballo sobre algunha das liñas temáticas ofertadas baixo a tutorización dun docente.
Probas	Descrición
Presentación	O/a estudante exporá e defenderá publicamente diante dun tribunal unipersoal o seu TFG. A exposición durará un máximo de dez minutos. O tribunal unipersoal disporá de cinco minutos para formular as cuestións relativas ao TFG que considere oportunas e o alumno ou alumna dun máximo de cinco para responder a estas.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---------------	---------------------------------------

Traballo tutelado	Os criterios de avaliación son os seguintes: - O resumo inclúe os compoñentes esenciais. Estrutura do TFG coherente, exposición clara e corrección lingüística. - Fundamentación teórica/Estado da cuestión/ Lexislación (de ser o caso) - Relevancia para o ámbito da profesión e achegas persoais. - Obxectivos e adecuación metodolóxica. - Presentación, descrición, ilustración e, de ser o caso, interpretación dos resultados. - Suficiencia, interese e actualidade da bibliografía. Uniformidade de citas e referencias e correspondencia entre elas. - De ser o caso, as conclusións e discusión son coherentes cos obxectivos/preguntas de investigación/hipótese e cos resultados.	70	A1 A2 A3 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C59 C60 C61 C62 C63 C64 C65 C66 C67	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21 D22
Presentación	Os criterios de avaliación son os seguintes: Selección, equilibrio e organización do contido na presentación oral. Competencia comunicativa oral e emprego axeitado do vocabulario, así como dos recursos informáticos. Respostas ás cuestións formuladas polos membros da comisión de avaliación.	30	A4			D1 D3 D5 D6 D11 D13 D16 D17 D21

Outros comentarios sobre a Avaliación

TFG será presentado e defendido polo seu autor ou autora diante dun tribunal unipersoal que estará constituído pola persoa titora do TFG. A cualificación (de 0 a 10) realizarase de xeito motivado seguindo os criterios establecidos na rúbrica de avaliación contemplada na Guía Didáctica do TFG.

O TFG debe cumprir necesariamente cos seguintes requisitos: (1) ser un traballo persoal e orixinal no que se constrúa un discurso propio. Cando se utilicen ideas ou palabras doutra autoría acreditarase explicitamente a súa orixe, (2) respectar a extensión máxima permitida (5.000-10.000 palabras) e (3) incluír un apartado de resultados empíricos.

Aqueles estudantes que non superen o TFG na avaliación do segundo cuadrimestre poderán presentarse á segunda convocatoria no mes de xullo. As datas de entrega da memoria e da defensa do TFG serán publicadas con antelación suficiente na web da Facultade. No caso de obter a cualificación de suspenso, ben sexa na primeira ou segunda convocatoria, o tribunal unipersoal fará chegar un informe coas recomendacións oportunas ao estudante para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

APA, **Manual de Publicaciones de la American Psychological Association**, 3ª ed. traducida de la 6ta en inglés, Manual Moderno, 2010

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

É moi importante consultar a Guía Didáctica do TFG que se atopa en FAITIC así como na páxina web da Facultade. Recoméndase unha planificación regular do traballo baixo a supervisión do titor/a.

A Facultade de Educación de Ourense organizará un Curso de Análise de Datos que resultará de grande utilidade para o desenvolvemento da parte metodolóxica do TFG.

Plan de Continxencias

Descrición

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Metodoloxías docentes que se manteñen:

As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ao espazo no que se desenvolverá a actividade.

No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a unha modalidade de execución virtual.

Metodoloxías docentes que se modifican:

Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).

Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):

No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.

Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:

Non hai modificacións nos contidos a impartir.

Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:

A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia polo titor/a responsable.

Outras modificacións:

Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de teledocencia Fatic como reforzo, sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.

Probas pendentes que se manteñen:

Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.

Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.

Probas que se modifican

Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.

Novas probas:

Non se prevén novas probas de avaliación.

Información adicional

Non hai.
